

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Educación física e a súa didáctica na educación primaria				
Materia	Educación física e a súa didáctica na educación primaria			
Código	V51G120V01601			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Departamento da E.U. de Formación de Profesorado de E.X.B. (Vigo)			
Coordinador/a	Reguera López de la Osa, Xoana			
Profesorado	Reguera López de la Osa, Xoana			
Correo-e	xreguera@uvigo.es			
Web	http://http://www.escuelamagisterioceuvigo.es/			
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é proporcionar aos alumnos de coñecementos e experiencias necesarias para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe a través da Educación Física na Educación Primaria.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes

B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar
C2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionales e sociais
C3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións
C5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
C6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe
C7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao periodo 6-12
C8	Coñecer os fundamentos da Educación Primaria
C11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
C12	Abordar e resolver problemas de disciplina
C13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
C14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática
C15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturales
C16	Deseñar, planificar e evaluar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
C17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en Educación Primaria
C19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación
C20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas
C22	Relacionar la educación con el medio, y cooperar con las familias y la comunidad
C23	Analizar e incorporar de forma crítica las cuestiones más relevantes de la sociedad actual que afectan a la educación familiar y escolar: impacto social y educativo de los lenguajes audiovisuales y de las pantallas; cambios en las relaciones de género e intergeneracionales; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social y desarrollo sostenible
C34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico
C57	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde a educación física
C58	Coñecer o currículo escolar da educación física
C59	Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola
C60	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
C61	Adquirir un coñecemento práctico do aula e da xestión da mesma
C62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia
C63	Controlar e facer o seguimiento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias
C65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica
C66	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro
C67	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos
C68	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social
C69	Estas competencias, xunto coas propias do resto de materias, quedarán reflectidas no Traballo fin de Grado que compendia a formación adquirida ao longo de todos as ensinanazas descritas
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D19	Lideranza

D20	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Iniciativa e espírito emprendedor
D22	Motivación pola calidade
D23	Sensibilidade por temas medioambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social, desde a Educación Física.	A1	B1	C1	D1
	A2	B2	C2	D2
	A3	B3	C3	D3
	A4	B4	C5	D4
	A5	B5	C6	D5
		B6	C7	D6
		B7	C8	D7
		B8	C11	D8
		B9	C12	D9
		B10	C13	D10
		B11	C14	D11
		B12	C15	D12
			C16	D13
			C17	D14
			C19	D15
			C20	D16
			C22	D17
			C23	D18
			C34	D19
			C57	D20
			C58	D21
			C59	D22
			C60	D23
			C61	
			C62	
			C63	
			C65	
			C66	
			C67	
			C68	
			C69	

Desenvolver e avaliar os obxectivos e contidos do currículo de Educación Física en Educación Primaria.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17 C19 C20 C22 C23 C34 C57 C58 C59 C60 C61 C62 C63 C65 C66 C67 C68 C69	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23
Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8 C11 C13 C14 C15 C16 C17 C19 C20 C22 C23 C34 C57 C59 C60 C61 C67	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23

Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17 C19 C20 C22 C23 C34 C57 C58 C59 C60 C61 C62 C63 C65 C66 C67 C68 C69	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23
Comprender a necesidade de dispor dos recursos didácticos necesarios adecuados para dar resposta a todos os alumnos desde unha perspectiva da diversidade.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17 C19 C20 C22 C23 C34 C57 C58 C59 C60 C61 C62 C63 C65 C66 C67 C68 C69	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23

Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola, como medio de promoción de hábitos de vida saudables.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17 C19 C20 C22 C34 C57 C58 C59 C60 C62 C65 C66 C67 C69	D1 D2 D3 D5 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23
Deseñar programacións para a mellora de habilidades motrices básicas e capacidades perceptivomotrices no alumnado de Educación Primaria	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17 C19 C20 C22 C23 C34 C57 C58 C59 C60 C61 C62 C63 C65 C66 C67 C68 C69	D1 D2 D3 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23

Contidos	
Tema	
Fundamentos conceptuais e didácticos da Eduación Física	1- O proceso de ensino aprendizaxe en Educación Física 2- Deseño curricular da Educacón Física en Educación Primaria
Educación motriz básica	Deseño e exposición de Unidades de Programación para a mellora das habilidades motrices básicas e específicas no alumnado de Educación Primaria

Educación Lúdico Deportiva	1- Deseño e exposición de Unidades de Programación para promover o xogo e o deporte como elemento formativo e no alumnado de educación primaria. 2- Xogos motores individuais e colectivos
Actividade física e saúde	Deseño e exposición de Unidades de Programación para promover o desenvolvemento de hábitos saudables a través da actividade física
Actividade física e Expresión Corporal	Deseño e exposición de Unidades de Programación para promover a capacidade expresiva a través do movemento
Adaptación da actividade física aos alumnos con necesidades educativas especiais	Deseño de adaptacións das actividades motrices e sensibilización do alumnado con problemáticas específicas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	30	15	45
Traballo tutelado	0	16	16
Resolución de problemas de forma autónoma	0	10	10
Lección maxistral	19.5	29.5	49
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	9	10
Traballo	1	9	10
Exame de preguntas obxectivas	1	9	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Exposición práctica do traballo obrigatorio da materia. Elaboración e posta en práctica dunha unidade didáctica.
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixa a supervisión do profesor. Pode estar vinculado ao desenvolvemento de actividades autónomas do estudante.
Resolución de problemas de forma autónoma	Cada un dos traballos que se lle pida ao alumnado durante as horas de clase.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballos, exercicios ou proxectos a desenvolver polo alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Farase un seguimento tutelado, presencial ou telemático, por cada un dos traballos que se realicen, xa sexan individuais ou grupales, co fin de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e facer unha coevaluacion e avaliación formativa.
Resolución de problemas de forma autónoma	Farase un seguimento tutelado, presencial ou telemático, por cada un dos traballos que se realicen, xa sexan individuais ou grupales, co fin de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e facer unha coevaluacion e avaliación formativa.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Prácticas de laboratorio	Posta en práctica de varias sesións nas que se traballarán contidos específicos do curriculum de educación primaria e veranse diferentes modelos pedagóxicos.	15	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C15 C16 C17 C20 C58 C59 C60 C62 C63 C65 C66	D1

Resolución de problemas e/ou exercicios	Participación nas diferentes dinámicas e actividades propostas ao longo do curso. Serán aquelas actividades realizadas durante o desenvolvemento das clases maxistráis e prácticas.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C7 C8 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17 C19 C20 C22 C57 C58 C59 C60 C61 C62 C63 C65 C66 C67 C68 C69	D1 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18
Traballo	Deseño e elaboración de unidades didácticas para ser implementadas posteriormente en clase cos seus compañeiros.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B10 B11 B12	C3 C5 C6 C8 C11 C12 C16 C17 C19 C20 C58 C59 C60 C65 C66 C67 C68 C69	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23
Exame de preguntas obxectivas	Preguntas tipo test, ou de verdadeiro ou falso, sobre contidos da materia.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12		

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia será necesario alcanzar o 50% da cualificación na proba teórico-práctica e no traballo obrigatorio, se non non contarán para a nota final.

Durante as clases teóricas e prácticas:

- Unha vez que o profesor entrase na aula, pechado a porta e comezado a explicación da materia, non se poderá entrar na clase.
- Unha vez comezada a clase o alumnado avisarán á profesora se tivese que ausentarse.

- Abandonar a aula sen que finalizase a clase implicará a anulación da asistencia,considerándose que o alumno/a faltou a parte da clase.
- A non realización da clase práctica será considerada como falta de asistencia.
- Todo alumno que empregue o teléfono móbil durante o transcurso de calquera clase, teórica ou práctica, será expulsado inmediatamente da aula.
- Contarase a asistencia por cada hora de clase, non considerándose as clases que duran dúas horas como unha única falta de asistencia, senón dúas.
- **As faltas de asistencia non serán xustificadas baixo ningún concepto.**
- Aquel alumnado que por motivos persoais ou laborais, non vaia a asistir ás clases deberán porse en contacto coa profesora para concertar unha hora de tutoría.
- Para que un correo electrónico sexa lido debe cumprir os seguintes requisitos: debe estar enviado dende o correo do CEU ou da UVigo, a dirección de correo debe ser seria, no asunto detallarase o contido principal do correo, terá unha presentación correcta, formal e ben redactada coidando o ton, o vocabulario e sen faltas de ortografía. O alumno/a presentarase debidamente indicando o seu curso, especialidade e materia.
- Non se responderán a correos electrónicos durante as fins de semana e o período vacacional.
- Non se realizan tutorías fose do horario establecido nin durante o período vacacional.
- Non se responderán dúbidas; por correo electrónico durante o día previo á realización do exame

Aspectos sobre a avaliación da materia:

- Todo alumnado, asista ou non ás aulas, ten dereito a ser avaliado segundo os criterios establecidos na guía docente.
- Será imprescindible entregar a ficha de itinerario debidamente cumprimentada para poder realizar a proba final da materia, así como coñecer as cualificacións obtidas ao longo do cuadrimestre.
- Todo alumno que supere o 10% de inasistencia ás clases, teóricas e prácticas, deberá realizar unha proba final de características diferentes a do alumnado que asista á totalidade das sesións. Neste caso realizarase unha proba de competencias teórico-prácticas que terá un valor dun 50% e unha proba de competencias prácticas que terá un valor dun 50%. Sendo necesario alcanzar o 50% de cada unha das cualificacións para poder facer media.
- O alumnado que asista a totalidade das clases (úncamente poderá faltar a un máximo de 3h), terá a opción de cursar a materia seguindo un intinerario "continuo e formativo". Neste, o valor da proba de contidos terá un peso do 20% sobre a nota final, as prácticas de laboratorio un 30%, o traballo un 30% e a resolución de problemas e/ou exercicios un 20%.

Aspectos sobre a avaliación dos traballos:

- Respectaranse rigorosamente as datas de entrega dos traballos. Non se recollerá nin entregará ningún fóra da mesma.
- Non se lerá nin corrixirá ningún traballo no que o parágrafo non estea □xustificado□.
- Entregar un traballo que estea plaxiado parcial ou completamente será anulado.
- Terase en conta as faltas de ortografía para a avaliación de cada un dos traballos presentados en clase, traballo obrigatorio e exame final da materia. Por cada falta de ortografía descontarase 0,2 da nota final.

Datas oficiais de exames:

- Haberá un único día de revisión de exame, fóra do mesmo non se revisará nin modificará ningunha nota.
- Respectaranse rigorosamente as datas oficiais establecidas pola Universidade para a realización dos exames (http://www.escuelamagisterioceuvigo.es/organizacion-academica/escola-maxisterio-vigo-ceu-examenes.php), non sendo posible realizalo en calquera outro día. En caso de enfermidade ou operación do alumno, solicitarase por escrito en secretaría un posible cambio, posteriormente será valorado polo profesor da materia e a dirección do centro se é procedente ou non a súa modificación.
- De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xuño-xullo. Non será posible realizar o exame en calquera outro día.

Todos os aspectos deben verse cumpridos satisfactoriamente. O non cumprimento dalgún deles suporía o suspenso da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Arribas, H.F., y Fernández, D., **Deporte adaptado y escuela inclusiva**, Graó, 2015

Batalla, A., y Duran, C., **1000 Ejercicios y juegos de gimnasia rítmica deportiva**, Paidotribo, 2015

Batalla, A., **Habilidades Motrices**, Inde, 2000

Blández, J., **Programación de unidades didácticas según ambientes de aprendizaje**, Inde, 2000

Del Valle, S., **Cómo programar en Educación Física paso a paso**, Inde, 2007

Fernández, E., Gardoqui, M.L., y Sánchez Bañuelos, F., **Evaluación de las habilidades motrices básicas**, Inde, 2007

Galera, A., **Manual de didáctica de la educación física I y II**, Paidós, 2001

González, C., y Lleixá, T., **Didáctica de la educación física**, Graó, 2010

Joyce, B., y Weil, M., **Modelos de enseñanza**, Gedisa, 2012

López-Pastor, V.M. (Coord.), **La evaluación en educación física**, Miño y Dávila, 2014

López-Pastor, V.M., Pedraza, M., Ruano, C., y Sáez, J. (coord.), **Programar por dominios de acción motriz en educación física en primaria**, Miño y Dávila, 2016

Loscher, A., **Juegos predeportivos en grupo**, Paidotribo, 2013

Mingo, R., **Educación Física. Contenidos conceptuales, nuevas bases metodológicas**, Paidotribo, 2012

Monjas, R. (coord.), **La iniciación deportiva en la escuela desde un enfoque comprensivo**, Miño y Dávila, 2012

Ruiz, J., **Desarrollo de la Motricidad a través del juego**, Gymnos, 2004

Ruiz, J., **Juegos cooperativos y educación física**, Paidotribo, 2013

Sáez, F., **Habilidades Gimnástico-Acrobáticas**, ESM, 2015

Sánchez Bañuelos, F., **Didáctica de la educación física**, Pertice Hall, 2002

Velázquez, C., **Aprendizaje cooperativo en Educación Física**, Inde, 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V51G120V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria/V51G120V01202
Innovación e investigación didáctica/V51G120V01504

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar/V51G120V01205
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos/V51G120V01103
Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria/V51G120V01301

Outros comentarios

Dado que vos atopades cursando unha carreira vocacional, convídasevos a que participedes a canto curso, seminario ou conferencia preséntesevos sobre innovación educativa e prácticas docentes.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

* Outras modificacións

 Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante IntraCEU e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Blackboard como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.
 No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.
=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional:

Non hai.